




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Malpica de Bergantiños. Parroquias: San Tirso de Vilanova de Santiso ao leste, centro e norte en San Pedro de Barizo, e extremo sudeste a Santiago de Mens. Extensión: 5,31 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de chaira costeira mixta, con desembocadura dun pequeno curso, o río de Esteiro costeiro nunha zona sedimentaria con praia, dunas e unhas pequenas marismas. Así, a parte central da unidade configura unha suave depresión fluvial na extensa chaira litoral deste sector da costa. Os cantís son de parede inclinada, pouco potente e teito plano ou en suave vertente. Aparecen plataformas rochosas frontais e depósitos areentos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade moi variada. Existen tres anchas bandas con orientación NNE-SSO que ocupan gran parte da unidade. De leste a oeste compóñense de ortogneis; xistos e gneises albíticos do dominio da fosa blastomilonítica, de Idade precámbrico-silúrica, ademais de no recanto sueste; xistos e metaareíscas precámbrico-silúricas do dominio periférico do macizo de Ordes. Unha cuarta banda máis estreita, na parte máis occidental, contén ortogneis glandular preherciniano. Por último, no extremo occidental aparece o granito herciniano tipo Laxe, de dúas micas, de gran medio a grosso e lixeiramente orientado. No dominio periférico do macizo de Ordes aparece unha zona con este granítico herciniano, ao sur da praia de Esteiro ou Seiruga, ademais doutros pequenos enclaves do mesmo material. No dominio da fosa blastomilonítica, no sur da unidade, aparecen lentellóns de anfíbolitas prepaleozoicas. No Cuaternario salientan os sedimentos de praia e de marisma da enseada de Seiruga.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático cálido e subhúmido na maior parte da unidade: temperatura media anual superior a 14 °C e amplitude térmica arredor de 13 °C. As precipitacións non superan os 1200 mm ao ano, no entanto, cara ás cabeceiras laterais nos extremos occidental e oriental, o clima é máis húmido e acada os 1400 mm de precipitación acumulada, o que define un dominio cálido-húmido.

OS SOLOS

A meirande parte da unidade conta cun fluvisol háptico, fundamentado na topografía suave e deprimida, aínda que na vertente do suroeste (aliñamento monte Asalo-monte Nariga) aparecen cambisoles dístricos por mor dunha menor evolución edafolóxica.


AS AUGAS

Vinculada á enseada de Seiruga, na masa de augas costeiras 20099, á que chega o río Esteiro e cuxo val artella de sur a norte a unidade recollendo a auga de pequenos afluentes, de entre os que salienta o rego Camarada na súa beira dereita.

O PATRIMONIO NATURAL

LIC Costa da Morte no sector costeiro da unidade internándose polo río principal e cara aos cantís. Hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos e chaira arenosa costeira co 1140 Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga na baixamar. Plataformas e coídos no hábitat 1210 Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. As dunas nos hábitats do grupo 21 Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico. Marismas nos hábitats do grupo 13 Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais. Vertentes suaves e chaira nos hábitats 4030 Breixeiras secas europeas e 4040 Breixeiras secas atlánticas costeiras con Erica vagans. Chairas hidromorfas no hábitat 6420 Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430 Megaforbios eutrofos hígrifilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino. Val do río Esteiro con bosque de galería (91E0). Zona incluída na zona importante para as aves (IBA) Costa da Morte.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A parte central da unidade está ocupada polo río Esteiro e o seu afluente, o rego de Camarada. Ambos os dous crean un val fértil distribuído en multitude de parcelas pequenas, consecuencia da alta produtividade do solo. Nas beiras dos devanditos cursos de auga aparecen bosques de galería formados por especies caducifolias endémicas de Galicia, ao tempo que na zona oriental da unidade podemos localizar monocultivos de piñeiro e eucalipto. A fronte costeira está formada por pequenas áreas acantiladas entre as que está encaixada a praia de Esteiro (ou Seiruga) coa súa marisma e cordón dunar asociados á dinámica mariña e ao sistema fluvial que lle dá o nome. Pola súa banda, as zonas máis altas e, polo tanto, menos produtivas están recubertas por formacións vexetais costeiras e matogueiras de substitución. Os núcleos de poboación atópanse espaxados por toda a unidade, especialmente na marxe esquerda do río Esteiro, alternando coas terras de cultivo. O primeiro plano despois da praia de Seiruga está colonizado por un asentamento de vivendas unifamiliares illadas, na súa maioría de segunda residencia, dispostas sobre unha estrutura viaria espontánea que converge na estrada de acceso á praia.

MORFOLOXÍA

A estrutura parcelaria artéllase arredor da rede de estradas e camiños existente, organizada en tenzas separadas por sebes naturais. Respecto á morfoloxía urbana, podemos distinguir os núcleos rurais tradicionais coma Beo (considerado núcleo de identidade do litoral), Vigo, Bareanga ou Porto do Fondo, que manteñen unha forma compacta, e os novos núcleos aparecidos cun carácter espontáneo, desordenado e orientado a segunda residencia e turismo. Estes últimos localízanse arredor dos núcleos tradicionais e mais cara á costa, seguindo as vías de comunicación, dando lugar a un continuo urbano que desfigura a morfoloxía tradicional de ocupación do territorio polos núcleos rurais densos e afastados entre si.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de estradas xerarquízase arredor da AC-4307 que atravesa a unidade de nordeste a suroeste. A partir desta, unha serie de estradas de ámbito local vertebran o espazo conectando os diferentes núcleos de poboación e o interior así como a AC-4307 coa fronte costeira. Esta rede é especialmente densa arredor dos núcleos de Barizo e Mens, ambos no extremo occidental da unidade e nas proximidades de Esteiro, o núcleo máis próximo á praia de Esteiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A gran cantidade de asentamentos da unidade tradúcese na existencia dun rico patrimonio cultural. Respecto ao de carácter relixioso, cómpre salientar a presenza de numerosos cruceiros e petos de ánimas repartidos por toda a unidade. Merece especial mención a igrexa románica de Santiago de Mens, resto monumental dun antigo mosteiro beneditino desaparecido e declarada Bien de interese cultural (BIC), e o cruceiro e a capela do Espírito Santo. Pola súa banda, a arquitectura civil tamén ten unha abondosa presenza neste lugar como testemuñan elementos de gran valor etnográfico coma o muíño de Berrón, os pazos medievais ou as torres defensivas de Mens (BIC). Como elementos arqueolóxicos cómpre citar a mámoa de Casas do Monte situada na parroquia de Vilanova de Santiso.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A parte oriental da unidade organízase arredor de pequenas aldeas localizadas nas marxes do rego da Chanca e do rego da Camarada que conforman un espazo de carácter agrícola tradicional onde elementos coma o parcelario ou a estrutura arquitectónica dos núcleos se conservan intactos. O caso contrario prodúcese ao suroeste da praia de Esteiro onde a aparición de novas edificacións deu lugar a un espazo desordenado vinculado ao turismo e á segunda residencia. Este novo uso turístico do litoral xera novos fluxos e tensións que se canalizan arredor das vías de comunicación, modificando a percepción tradicional do espazo.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución da paisaxe reflíctese, sobre todo, no crecemento dos núcleos que se estenden dende o interior cara á costa dun modo lineal. Esta mudanza na morfoloxía dos asentamentos resulta evidente dende mediados do século XX vinculada aos avances nos medios de produción agrícola e á transferencia de poboación a outros sectores distintos do primario. O melloramento na produtividade implica unha menor dependencia do solo: xa non cómpre consumir tanto terreo, xa que os rendementos por metro cadrado aumentan. Deste xeito libéranse terras de cultivo que se reciclan en dous novos usos: por unha banda, un uso silvícola, centrado no monocultivo de especies coma o piñeiro americano e o eucalipto nos espazos menos produtivos e, pola outra, un uso residencial impulsado polo auxe da costa como destino turístico, o que significa que as novas construcións illadas tenden a situarse preto do mar, provocando a apertura de novas vías que fragmentan as antigas agras ou o alargamento dos camiños existentes.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

En termos xerais, a unidade presenta unhas boas condicións de partida e, en boa medida, mantén unha alta calidade ambiental malia a presenza de edificacións recentes no primeiro plano tras o areal de Esteiro. Pola súa banda, o interior conserva moitos dos patróns tradicionais de ocupación do territorio (camiños, parcelario, núcleos rurais). Así mesmo, cómpre subliñar a riqueza patrimonial con presenza de significativos fitos arquitectónicos que contribúen a mellorar a calidade da paisaxe. Por último, o río Esteiro e os seus afluentes incrementan a naturalidade da escena posto que os bosques de ribeira que se concentran nas súas beiras constitúen verdadeiros corredores ecolóxicos que comunican o montañoso fondo escénico coa chaira litoral. Propóñense dous puntos de observación situados no monte da Ínsua e no núcleo de Esteiro sobre a desembocadura do río e o areal que leva o mesmo nome.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Desenvolvementos dispersos no contorno da praia de Esteiro, concretamente o asentamento do contorno de Seiruga, co obxectivo de evitar crecementos espontáneos desvinculados dos núcleos tradicionais e sen funcións urbanas que supoñan unha presión urbanística para o ecosistema dunar e xeren unha barreira visual que empeza a contemplación do litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



